

## BASES REGULADORAS DO PROGRAMA MOVERNOS NO VERÁN 2023

### Artigo 1. Obxecto de aplicación

O presente programa deportivo, *MoVernos no Verán 2023*, ten por obxecto cubrir a demanda de actividades deportivas para a mocidade e as persoas adultas, dende o 03 de xullo ata o 31 de agosto do 2023.

### Artigo 2. Persoas destinatarias

As actividades deportivas están dirixidas a persoas maiores de 12 anos.

### Artigo 3. Actividades deportivas ofertadas

Impartiranse clases de 1h de duración de Espalda Saudable, Ximnasia de mantemento e loga.

As clases serán impartidas cun mínimo de 5 persoas inscritas e un máximo 16. Se o número mínimo de inscricións esixibles non se cubrira, a clase non se impartida.

### Artigo 4. Horarios e instalacións das actividades

Ofértanse 6 clases semanais nas seguintes instalacións e horario:

| CENTRO SOCIOCULTURAL SAN COSME |       |                        |
|--------------------------------|-------|------------------------|
| LUNS                           | 10:30 | Espalda Saudable       |
| MARTES                         | 10:30 | Ximnasia de Mantemento |
| MERCORES                       | 20:30 | loga                   |

| COLEXIOS VELLAS SAN MIGUEL |       |                        |
|----------------------------|-------|------------------------|
| LUNS                       | 19:30 | loga                   |
| MERCORES                   | 10:30 | Ximnasia de mantemento |
| XOVES                      | 20:30 | Espalda saudable       |

### Artigo 5. Inscricións

O prazo de inscrición estará aberto dende a publicación destas bases ata cubrir as prazas. A inscrición so terá validez cando se achegue o formulario de inscrición xunto co xustificante de pago correspondente á inscrición solicitada.

O formulario de inscrición só estará dispoñible nas oficinas do Concello. **A persoa que queira inscribirse deberá confirmar previamente nas oficinas municipais que quedan prazas dispoñibles na/s clase/s nas que queira matricularse e unha vez confirmada a dispoñibilidade, as prazas serán reservadas durante ese mesmo día, ata as 15:00 h.** co fin de que nese tempo esa persoa rexistre xunto co formulario o xustificante de pago correspondente á inscrición. Este rexistro poderá facerse de forma presencial ou a través da sede electrónica, pero sempre no mesmo día que se faga a confirmación da praza nas oficinas municipais.

As persoas interesadas en quedar incluídas nas listas de agarda dalgunha das clases que teñan as prazas cubertas deberán cubrir igualmente o formulario de inscrición e achegalo a través de rexistro, pero non terán que facer o pago nese momento. Se quedasen prazas dispoñibles avisarase dende o concello ás persoas da lista de agarda para que fagan o pago no día e así xa teñan a praza reservada.

**En caso de que alguén se inscriba e realice o pago sen ter confirmada a dispoñibilidade de praza pasará directamente á lista de agarda e non se devolverá o importe ingresado.**

No caso de que nalgunha das clases nas que se está inscrito/a non se cubra o mínimo de prazas esixibles para ser ofertada, procederase á devolución do ingreso ás persoas inscritas ou daráselles a posibilidade de asistir a outra clase que teña prazas dispoñibles.

Só se devolverá o importe abonado se a baixa na actividade se comunica por rexistro no concello e antes do inicio do mes natural da actividade na que é baixa, é dicir, antes do 3 de xullo ou antes do 1 de agosto.

### Artigo 6. Realización de pagos

O importe do ingreso será de 15€/mes pola primeira clase inscrita. Cada clase inscrita a maiores, terá un custo de 10€ ao mes.

Os datos bancarios que deben figurar para o ingreso son os seguinte:

Entidade bancaria: ABANCA

Concepto do ingreso: NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE SE INSCRIBE.

Nº Conta para o ingreso: ES55 2080 0142 9031 1000 0019